



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Asunto: nomeamento de 2 peóns forestais para programa Aprot rural 2024.

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provision, mediante o sistema de concurso- oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de dous postos de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do Emprego no medio rural (Aprot Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG nº 17 do 24/01/2024).

Visto que este Concello presentou o día 25/04/2024 a oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina de Emprego de Carballo, tal e como o reflicte a Orde de subvención no artigo 14.3 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Visto que día 03/05/2024 recibíronse un total de 20 curriculums vitae, como candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Carballo), con número de oferta 12-2024-3854 e visto que despois da comunicación telefónica aos aspirantes propostos polo SPEG, presentaron a documentación para participar no proceso de selección un total de 16 candidatos en tempo e forma.

Visto o decreto que reflicte a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar de realización da proba práctica, e vista a acta única do tribunal de selección, asinada por todos os membros do tribunal asistentes, o día 14 de maio de 2024, que inclúe a valoración total dos aspirantes e a proposta de nomeamento do postos convocados e a relación de suplentes por orden decrecente, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local,
RESOLVO:

PRIMEIRO: nomear como peóns forestais para o programa Aprot Rural 2024 aos candidatos:

- PARGA ARÁN MARCOS con DNI: ***9935**
- VÁZQUEZ GARCÍA MARIA CONSUELO con DNI: ***6849**

SEGUNDO: conceder un prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que os adxudicatarios presenten a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización de contrato vinculado a programas de activación para o emprego (código 405).

TERCEIRO: publicar no taboleiro de anuncios do Concello esta resolución e dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Dou fe,

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

A SECRETARIA ACCIDENTAL

María Cristina Candal Rey

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)